

PROXECTO EDUCATIVO

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE OUTES

ÍNDICE

1. DATOS IDENTIFICATIVOS

- I. Denominación do centro
- II. Titularidade
- III. Tipo de xestión
- IV. responsable
- V. Enderezo
- VI. Teléfono
- VII. Correo electrónico
- VIII. Horario

2. CONTEXTUALIZACIÓN

- I. Situación e contorna do centro
- II. Características do alumnado e das súas familias

3. TIPOLOXÍA DA ESCOLA

- I. Tipo de centro e instalacións
- II. Niveis educativos
- III. Nº de prazas
- IV. Recursos humanos
- V. Funcións do persoal
- VI. Calendario e horario de apertura
- VII. Servizos

4. SINAIS DE IDENTIDADE

- I. Principios
- II. Fins
- III. Obxectivos
- IV. Principios metodolóxicos
- V. Atención á diversidade
- VI. Avaliación

5. ACTIVIDADES

O **Proxecto Educativo** constitúe un documento de carácter programático que expresa as intencións da Comunidade Educativa respecto dos principios educativos, dos obxectivos e da organización da escola que inspiran a elaboración dos demais proxectos e vertebran a xestión participativa do centro. Cada escola infantil ten unha marxe de autonomía que lle permitirá ir creando un estilo propio e uns sinais de identidade que a farán en certa medida orixinal na busca coherente e racional dos obxectivos que a sociedade e o propio centro se marcan.

1. DATOS IDENTIFICATIVOS


- I. DENOMINACIÓN DO CENTRO: Escola Infantil Municipal de Outes.
- II. TITULARIDADE: Concello de Outes NIF.P1506300A
- III. TIPO DE XESTIÓN: directa.
- IV. RESPONSABLE: o/a director/a pedagóxico do centro
- V. ENDEREZO: Rúa da Emigración, nº2- Lugar de Cruceiro Roo - 15287 Outes-A Coruña
- VI. TELÉFONO: 981850053 699672015
- VII. CORREO ELECTRÓNICO: eim@outes.gal
- VIII. HORARIO: de luns a venres de 8:00 a 19:00 horas. Xullo e agosto en función das necesidades

2. CONTEXUTALIZACIÓN

I. SITUACIÓN E CONTORNA DO CENTRO

A Escola Infantil Municipal de Outes está situada na Rúa da Emigración, nº2- Lugar de Cruceiro Roo - 15287 Outes-A Coruña.

Trátase dun concello que se atopa na costa oriental da provincia da Coruña. Linda con Noia ao sur, Negreira ao este, Mazaricos ao norte e Muros ao oeste e divídese en dez parroquias. Posúe unha poboación de pouco máis de 6.000 habitantes cun amplo número de núcleos de poboación (máis de 150) e moi dispersos entre si, dispostos nos case 100 km² de extensión, e concentrándose a poboación no litoral, nos núcleos próximos á costa.



O desenvolvemento económico do concello baséase na agricultura, gandería, pesca e marisqueo, así como no comercio e na industria madeireira. O sector pesqueiro concéntrase maioritariamente no porto do Freixo, así na produción industrial destacan tres sectores: serradoiros, estaleiros e a construción.

O nivel de actividade económica da contorna pódese considerar medio-baixo. Constatándose un progresivo aumento do sector servizos e da construción, fronte á diminución do sector primario e con elevados índices de desemprego xuvenil.

En canto a infraestruturas, servizos sociais e culturais existentes o municipio Outes conta con: servizos sociais de atención primaria (programas de prestación, información e orientación, prestación de apoio á unidade de convivencia, actuacións específicas de prevención e inserción, axudas económicas individualizadas), Escola Infantil Municipal, centro de saúde, un CEIP, un IES, casa da cultura, pavillóns polideportivos, piscina municipal, centro social, centro de información á muller, xulgado de paz, cuartel da garda civil, policía municipal etc...

II. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E DAS SÚAS FAMILIAS

O alumnado da E.I.M. conforma un grupo moi heteroxéneo debido ás idades dos seus usuarios, polo tanto presentan moitas diferenzas entre eles. Dende o centro debe atenderse a dita individualidade, adaptándose ás necesidades de cada un dos usuarios.

O contexto no que vive o alumnado é, nunha alta porcentaxe, de galegofalantes, aínda que cómpre salientar un sector reducido de castelán falantes residentes na súa maioría na Serra de Outes.

As linguas usadas habitualmente no centro serán o galego e o castelán, por ser as dúas linguas oficiais de Galicia. Así, nas normas de funcionamento das escolas de educación infantil recóllese “Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas . De acordo co previsto no Decreto 150/2022, do 8 de setembro do 2022, as ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia”.

➡ Período de adaptación:

Cando o neno/a se incorpora ao centro, sofre unha separación importante da súa familia, “rómperse” o lazo afectivo coa figura de apego e orixínase por tanto un conflito. A forma en como se solucione este conflito e o tempo que se emprega para que o neno/a asimile felizmente a ruptura deste lazo é o que chamamos período de adaptación.

Desde o punto de vista pedagóxico, este momento adquire gran importancia, xa que a súa actitude ante a escola, ante as relacións sociais e ante os aprendizaxes ó longo de toda a escolarización vai a depender de como asimile este proceso, positiva ou negativamente.

É responsabilidade conxunta de familias e educadoras organizar un adecuado período de adaptación para que estes primeiros tempos de escolarización sexan asumidos polas crianzas sen traumas.

A E.I.M. de Outes fará cumprir o período de adaptación, tal e como se recolle no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, e nas normas de funcionamento das escolas infantís, independentemente do momento da incorporación dos menores á escola, sendo o proceso o seguinte:

- A organización do tempo das crianzas de 3 meses a 3 anos deberá ser flexible para adecuarse ós seus ritmos de actividade e descanso. Non obstante, considerarase que os nenos/as deberán acudir ao centro nun horario fixo, nos momentos de entretemento e lecer e a comezos de semana, cunha estancia non superior a 30 minutos e ampliando a súa estancia na escola en función da evolución da crianza.
- O proceso de adaptación poderase ver alterado por calquera circunstancia persoal que as educadoras consideren necesario en función das características persoais de cada neno.
- Se a crianza se ausentase do centro tras longos períodos de tempo volverase a realizar o período de adaptación.
- No caso de que calquera dos anteditos aspectos non sexan cumpridos, tal e como neste documento aparecen recollidos, non se admitirán as crianzas no centro.

3. TIPOLOXÍA DA ESCOLA

I. TIPO DE CENTRO E INSTALACIÓNS

A Escola Infantil Municipal (EIM) de Outes defínese como un equipamento diúrno de carácter educativo e asistencial, dirixido ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que ten por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral dos nenos/as, realizando ademais un importante labor de apoio á función educativa da propia familia á vez que facilita o acceso aos pais e nais ao mundo laboral. O centro reúne todas as características esixidas polo anterior decreto citado.

Podemos diferenciar as seguintes zonas:

➤ **Recepción:**

- Percheiros para as pertenzas de cada neno
- Dous armarios para gardar material didáctico

➤ **Aula 0 a 2 anos:**

- 1 armario baixo
- 1 estante para augas
- 1 estante para libros
- Espello con barra
- Mesa con cadeiras

- 2 tronas
- 3 hamacas
- ➔ Aseo aula 0 a 2 anos
 - 2 inodoros
 - 2 lavabos con moble baixo
 - Cambiador con bañeira e armario baixo
 - Casilleiros para as pertenzas de aseo dos nenos
- ➔ Zona de descanso
 - 7 berces
 - Casilleiros para as mantas dos nenos
 - Moble baixo para sabas
- ➔ Aula 2 a 3 anos, empregada como aula mixta nos momentos de menos usuarios
 - 1 armario baixo
 - 1 estante para augas
 - 1 estante para libros
 - Espello
 - Pizarras magnética
 - Mesa con sillas
- ➔ Aseo aula 2 a 3 anos
 - 3 inodoros
 - 3 lavabos con almacenaxe abaixo
 - Moble cambiador portátil
 - Casilleiros para as pertenzas de aseo dos nenos
- ➔ Espazo de comedor/ servizos múltiples
 - 1 placa vitrocerámica con extracción de gases
 - 2 microondas
 - 1 neveira
 - Zonas de almacenaxe
 - 3 tronas para os máis pequenos
 - 2 mesas e cadeiras
- ➔ Aseo das educadoras
 - Un inodoro
- ➔ Vestiarios
 - Taquillas para as mestras/ educadoras
 - Un prato de ducha adaptado
 - Un inodoro adaptado

➤ Despacho

- Una mesa con ordenador e impresora
- 2 armarios con estantes baixo chave para gardar expedientes e material didáctico empregado polas mestas

➤ Patio.

- 1 casiña
- 1 tobogán
- Motos e bicicletas

II. NIVEIS EDUCATIVOS

Dito centro atende a nenos/as do 1º ciclo de Educación Infantil. A idade mínima de novo ingreso establécese nos 3 meses na data de ingreso, agás aquelas situación excepcionais que deberán estar acompañadas dos informes de servizos sociais de atención primaria do concello. A idade máxima será de 3 anos e poderán permanecer no E.I.M. aqueles menores que non teñan cumpridos os 3 anos o 31 de decembro do ano anterior ao que se presenta a solicitude. Poderán eximirse do límite aos nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo susceptibles de integración, logo do ditame conxunto da dirección e do organismo competente do Concello.

III. Nº DE PRAZAS

Conta con un total de 30 prazas autorizadas divididas en dúas aulas:

- Aula 0-2. Destinada a menores de entre 3 meses e dous anos. Con capacidade para 10 prazas das cales 8, como máximo, serían bebés (nenos/as menores de 1 ano).
- Aula 2-3. Destinada a menores de entre dous e tres anos de idade. Con capacidade para 20 prazas.

No caso de non existir demanda suficiente ao longo da xornada para formar varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos e nenas poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

- Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos de idade: 1/10.
- Grupo formados por nenos e nenas de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15

Estas distribucións estará suxeitas a posibles modificacións no caso de que en función da demanda existente en cada curso escolar fose necesario solicitar redistribucións temporais das unidades.

IV. RECURSOS HUMANOS

A relación adulto/ neno/a cumprirá a ratio establecida no Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

Na actualidade o persoal educativo contratado consta de:

- ➡ 3 mestras. 1 mestra titora por aula e unha mestra que exerce as funcións de directora pedagóxica.
- ➡ 2 educadoras

Así o centro conta con persoal diario de limpeza. Trátase dunha persoa que acode 3 veces ao día e que leva a cabo labores de limpeza e desinfección diarias.

V. FUNCÍONS DO PERSOAL

Director/a pedagóxico/a: designado entre o persoal de atención educativa que posúa a titulación para desempeñar as labores de dirección da escola. As súas funcións serán, a maiores das de atención educativa, as seguintes:

- Dinamizar, coordinar e garantir a elaboración dos documentos da escola infantil: o proxecto educativo e a súa proposta pedagóxica, a programación xeral anual e a memoria anual. Todo isto en colaboración directa co persoal educativo e responsabilizarse de presentar os ditos documentos ante o Concello.
- Organizar e supervisar o traballo de todo o persoal da escola, garantindo que ás horas de atención os/as menores e as destinadas a planificación educativa (xuntanzas, encontros, titorías, programación,...) se leven a cabo.
- Desenvolver o traballo administrativo que leve o exercicio das súas funcións.
- Autorizar as actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento da escola.
- Convocar e presidir reunións do persoal, así como executar e facer cumprir os acordos adoptados nestas.
- Prestar atención personalizada aos nenos e nenas tanto a través do desempeño da función educativa como directiva, favorecendo as canles de comunicación familia-equipe educativo que garantan o desenvolvemento integral das crianzas.
- Canalizar e coordinar as relación coas familias estimulando e garantindo a súa participación na vida da escola.

- Comunicar ao Concello as incidencias relativas ás necesidades de mantemento da escola, baixas do persoal, necesidades materiais e calquera outra circunstancia que afecte ao ordinario funcionamento da escola.
- Exercer a garda dos/das menores usuarios/as da escola acorde co previsto na lexislación vixente.
- Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.
- Cumprir e facer cumprir o marco lexislativo vixente para a infancia e de xeito específico de ámbito educativo, así como o previsto no presente regulamento.
- Participar en actividades de formación e promover a formación continua do persoal
- Representar á escola infantil.
- Favorecer a convivencia no centro.
- Buscar o óptimo aproveitamento dos recursos e dos espazos, do persoal de atención directa ás crianzas: mestras/es e/ou educadores/a.

Persoal atención educativa Terá as seguintes funcións:

- Colaborar co/coa director/a pedagógico/a da escola na elaboración e actualización do proxecto educativo, da programación xeral anual e da memoria anual.
- Fixar os criterios para o seguimento e a avaliación destes documentos
- Realizar as funcións educativas incluídas na lexislación vixente para o ciclo educativo, no referente ao desenvolvemento das crianzas, á preparación e deseño de propostas pedagóxicas, colaboración e coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono das crianzas, organización dos espazos e materiais pedagóxicos, etc.
- Establecer criterios xerais aos que deben adaptarse as intervencións educativas de cada un dos grupos de idade.
- Participar en actividades de formación permanente.
- Prestar especial atención ao período de adaptación.
- Avaliar o funcionamento e a organización da escola e propoñer iniciativas para a mellora do seu funcionamento ante o/a coordinador/a desta.

- Manter e fomentar as canles de comunicación e información continua familia- escola, en relación aos diversos ámbitos de vivencia do neno/a, así como aos referidos ao seu desenvolvemento. Informarán aos pais/nais, titores/as e representantes legais sobre a evolución integral do/a neno/a.
- Facilitar a participación, colaboración e coordinación das familias nas actividades da escola.
- Fomentar a xeración de vínculos de interacción comunicativa entre o propio equipo na procura dunha construción e desenvolvemento dun proxecto educativo coordinado e coherente.
- Outras necesarias para un mellor funcionamento da escola infantil seguindo as directrices marcadas polo/a coordinador/a da escola e o desenvolvemento do currículo vixente.

VI. CALENDARIO E HORARIO DE APERTURA

O horario de apertura é de luns a venres de 8:00 a 19:00, de xeito ininterrompido excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e aqueles que así o determine dita resolución. Nos meses de verán a EIM do Concello de Outes poderá reducir o seu horario de peche, prestando os seus servizos de luns a venres, segundo a demanda dos usuarios/as, en horario de:

- Xullo: de 8:00h a 18:00h (ou inferior segundo as demandas dos/as usuarios/as)
- Agosto: de 8:00h a 18.00h (ou inferior segundo as demandas dos/as usuarios/as)

Para isto, dende a dirección pedagóxica da escola farase unha consulta vinculante ás familias solicitando a asistencia e os horarios que os seus fillos/as empregarán nestas datas.

VII. SERVIZOS

Atendendo as normas de funcionamento das escolas infantís a E.I.M de Outes conta cos seguintes servizos:

- ☞ Servizo de atención educativa: encamiñada a perseguir os obxectivos de etapa, de ciclo e de curso, así como unha axeitada hixiene persoal e alimentación. Todos os momentos do día serán considerados como educativos, diferenciando entre actividades dirixidas, xogo libre e rutinas de hixiene, alimentación e descanso.
- ☞ Servizo de cociña: prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os propios usuarios. As

familias asinarán autorización para a administración dos alimentos e compromiso de achegalos en perfecto estado de conservación e envasado.

- ☞ Horario amplo: Enténdese por horario amplo a atención os nenos e nenas por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas.

4. SINAIS DE IDENTIDADE

I. PRINCIPIOS

Os principios básicos que fundamentan a E.I.M. buscan que a escola sexa:

- Participativa: implicando a todo o persoal, familias e entidades do concello.
- Práctica: atendendo ao medio que o rodea, e buscando aprendizaxes para a vida diaria.
- Respetuosa: baseada nos valores recollidos Decreto 150/2022 do 8 de setembro, destacando a solidariedade, respecto, non discriminación por razón de sexo, raza, relixión, igualdade de oportunidades....
- Integral: tentando desenvolver todas as capacidades do neno.
- Liberdade: Onde as ideas poidan expoñerse e ser escoitadas coa garantía total do respecto ás persoas que as expresen, onde se entenda que o límite das nosas actuacións vén marcado pola fronteira dos dereitos e liberdades dos demais e onde se introduza ao alumnado nos criterios democráticos que conleva ao bo funcionamento da sociedade na que vivimos.

II. FINS

Atendendo ao artigo 4 do Decreto 150/ 2022 do 8 de setembro, anteriormente citado, a finalidade da educación infantil é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións, físico, emocional, sexual, afectivo, social, cognitivo e artístico, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos, así como a educación en valores cívicos e para a convivencia.

III. OBXECTIVOS

A E.I.M. de Outes cumpre unha dobre función: asistencial e educativa. Ofrece aos seus usuarios/as unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social, dirixida ao desenvolvemento harmónico e

integral dos menores e á compensación de desigualdades sociais, económicas e culturais, realizando ademais un importante labor de apoio á función educativa da propia familia.

Dentro das normas de funcionamento atopamos uns obxectivos comúns para todas as escolas:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a.
- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Respetar a singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Posibilitar a integración progresiva dos nenos/as na cultura do seu medio.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
- Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar uso responsable das tecnoloxías dixitais.
- Promover hábitos saudables e sustentables a partires das rutinas.
- Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero

Estes obxectivos son concretados para cada unha das áreas e posteriormente para cada unha das unidades didácticas adaptándose ao grupo clase en concreto. A continuación redáctanse os obxectivos de área:

- **Área de comunicación e representación de linguaxes**

- Comprender as mensaxes verbais que lles comunican outras persoas.
- Descubrir de forma coherente situacións vividas ou imaxinadas.
- Descubrir e empregar formas de comunicación e representación non verbal (plástica, corporal, musical,...) para expresar situacións, emocións, desexos,...
- Comprender e reproducir algúns textos de tradición cultural (contos, cancións,...) mostrando interese e disfrutando con eles.
- Avanzar no desenvolvemento da creatividade a partir de actos de expresión voluntarios.

- **Área de crecemento en harmonía**

- Descubrir e aceptar as características persoais propias.
- Descubrir e empregar as posibilidades que lles ofrece o seu corpo a nivel motriz, expresivo e postural adaptándose á execución de tarefas da vida cotiá e actividades lúdicas.
- Progresar no desenvolvemento da motricidade fina e coordinación viso-manual para mellorar a exploración obxectos.
- Planificar e secuenciar a propia acción para resolver tarefas sinxelas, alcanzando metas progresivas de autonomía e independencia.
- Identificar e comunicar os propios sentimentos, desexos e emocións, así como comprender e respectar as dos demais.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benestar e a saúde.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e demandas doutras persoas.
- Empregar os sentidos na exploración do propio corpo, identificando sensacións e percepcións.

- **Área de descubrimento e exploración do contorno**

- Observar e descubrir os diversos elementos da paisaxe natural, as características e comportamentos dalgúns animais e plantas do entorno.

- Observar os cambios ós que están sometidos os elementos do entorno podendo identificar algúns factores que inflúen sobre eles (clima, estacións, actuación das persoas...).
- Coñecer e practicar normas e hábitos esenciais dos grupos sociais: familia, escola e veciñanza.
- Mostrar interese pola comprensión do medio físico e social.
- Evidenciar o paso do tempo a través das actividades e rutinas diarias.
- Orientarse nos espazos coñecidos conseguindo una maior independencia respecto do adulto.
- Explorar os obxectos e comparalos atendendo a unha das súas propiedades: cor, forma, tamaño e textura.

IV. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A LOMLOE no seu artigo 14 sinala que “os métodos de traballo para ambos ciclos se basearán nas experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas, actividades e o xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a autoestima e a integración social e o establecemento dun apego seguro”.

Dentro do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, no seu anexo II atopamos recollidas unhas orientacións pedagóxicas entendidas como “indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, os procedementos e as accións docentes, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias”. Debemos diferenciar entre as orientacións pedagóxicas comúns para as tres áreas, e as liñas de actuación específicas para cada área.

- **Orientacións pedagóxicas**

- Buscar a consecución dos obxectivos de área en combinación a súa vez co resto de áreas.
- Enfoque gradual e progresivo.
- Contribución á adquisición das competencias clave.
- Contribución dos logros dos obxectivos xerais de etapa.
- Deseño de actividades que contemplan a relación entre os obxectivos de área e as competencias clave.

- Seleccionar criterios de avaliación que se axusten ás finalidades que se buscan coas actividades plantexadas.

- **Liñas de actuación**

Área Comunicación e representación da realidade.

- Deseño de situacións de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos poidan empregar os elementos básicos da comunicación oral, como a escoita atenta, o establecemento de quendas, darlle coherencia a un discurso, facer propostas ou expresar opcións e defendelas ...
- A inmersión na lingua escrita aproveitando a elevada motivación das nenas e dos nenos.
- Situacións de aprendizaxe onde a linguaxe musical e corporal vaian da man para un descubrimento e vivencia natural do son e das súas calidades, da musicalidade das contornas e das distintas manifestacións artísticas.
- Uso normalizado da lingua galega nos diversos ámbitos e situacións.
- Valoración da biblioteca e da fonoteca do centro ou da aula como fontes de información e espazos para o lecer e a creatividade.
- A introdución na aula de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación que faciliten a adquisición e a interiorización das rutinas, o acceso á información...

Área Crecemento en harmonía.

- A busca do máximo desenvolvemento dos nenos axustando a intervención educativa ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras que leven a valorar os propios logros, buscando progresivamente a súa autonomía na realización destas.
- Os coñecementos e experiencias previas como punto de partida para garantir a significatividade das aprendizaxes.
- O fomento das relacións entre as persoas coas que interaccionan as nenas e os nenos, a expresión positiva da súa imaxe e da confianza que se teña delas e deles para a construción da propia identidade.

- A apertura á comunidade e a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, así como a súa participación na vida da escola.
- A organización dos tempos basearase que durante a xornada combinaranse tempos de rutinas cos destinados a outras actividades específicas e respectaranse as características e as necesidades individuais.
- A valoración da importancia da expresión de emocións e da autorregulación destas a través da creación de vínculos de apego que transmitan seguridade e confianza nas súas posibilidades.

Área descubrimento e exploración da contorna.

- A proposta de situacións de aprendizaxe contextualizadas a partir das súas experiencias e coñecementos previos, nas que as nocións matemáticas, espaciais e temporais sexan as ferramentas de traballo no desenvolvemento dos procesos de razoamento lóxico e método científico.
- A curiosidade, a realización de actividades manipulativas e sensoriais.
- A resolución de retos e situacións problemáticas e a busca de solucións de maneira autónoma, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo.
- O deseño de situacións STEAM que faciliten a aplicación das habilidades do pensamento computacional e que lle axuden ao alumnado a superar situacións problemáticas de xeito creativo e orixinal, mellorando a súa autonomía e favorecendo a comprensión do erro como parte da aprendizaxe.
- A sensibilidade cara ao medio ambiente, fomentando o coidado e a mellora da contorna mediante a integración de hábitos de vida sans e sostibles.
- O achegamento á contorna próxima fomentando a súa exploración activa, o seu coñecemento, gozo e respecto, así como o descubrimento da contorna máis afastada a través das experiencias vividas e dos medios tecnolóxicos e analóxicos.
- A posta á disposición do alumnado de materiais adaptados ás súas características. Estará presente na aula unha oferta ampla de materiais de diferente tipo.

- O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras.

Atendendo ao anteriormente citado a continuación reflíctese un breve resumo da organización diaria ao longo da semana.

	Lunes	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:00 a 8:30	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre
8:30 a 9:00	Almorzo	Almorzo	Almorzo	Almorzo	almorzo
9:00 a 10:00	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre
10:00 a 10:15	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans
10:15 a 11:00	Merendas	Merendas	Merendas	Merendas	merendas
11:00 a 11:30	Actividade dirixida	Actividade dirixida	Actividade dirixida	Actividade dirixida	Actividade dirixida
11:30 a 12:00	Patio	Patio	Patio	Patio	patio
12:00 a 12:45	Beber, hixiene persoal e lavado de mans	Beber, hixiene persoal e lavado de mans	Beber, hixiene persoal e lavado de mans	Beber, hixiene persoal e lavado de mans	Beber, hixiene persoal e lavado de mans
12:45 a 13:45	Comida	Comida	Comida	Comida	comida
13:45 a 14:00	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans
14:00 a 15:30	Sestas	Sestas	Sestas	Sestas	sestas
15:30 a 16:15	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre	Xogo libre
16:15 a 16:45	Actividade dirixida	Actividade dirixida	Actividade dirixida	Actividade dirixida	Actividade dirixida
16:45 a 17:00	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans
17:00 a 17:30	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda	merenda
17:30 a 18:15	Patio	Patio	Patio	Patio	patio
18:15 a 19:00	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans	Beber, hixiene e lavado de mans

V. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atender a diversidade significa partir das diferenzas do grupo clase e saber aproveitalas para o crecemento individual e colectivo dos alumno, polo tanto podemos definir a diversidade como as medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar as propostas educativas as diferentes características do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de cada unha das alumnas e

alumnos e guiándose polos principios de inclusión e normalización. Polo tanto educar na diversidade supón pensar nunha escola de todos e para todos tal e como afirmaba Tolstoi.

Na atención daquel alumnado con NEAE poden establecerse diferentes vías de apoio dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, poñendo énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por:

- Necesidades educativas especiais.
- Dificultades específicas da aprendizaxe.
- Polas súas altas capacidades intelectuais.
- Por incorporarse tardiamente ao sistema educativo.
- Por condicións persoais ou de historia familiar.
- Trastorno de déficit de atención e hiperactividade.

Implementaranse atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves da conduta, e medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso do alumno/a, dentro dos principios de inclusión e normalidade.

Existirá unha estreita colaboración entre o equipo do PAI, en coordinación co Equipo de Atención Educativa e os Equipos de Atención Temperá da administración sanitaria, así como nos casos de posible flexibilización cos Equipos de Orientación Específica da Consellería competente en materia de educación.

VI. AVALIACIÓN

Entendida como o “instrumento regulador, orientador e autocorrector, co que se pretende acadar información sobre as capacidades enunciadas nos obxectivos, así como identificar os aprendizaxes adquiridos”.

A avaliación nesta etapa educativa debe ser global, continua e formativa, resultando ser a observación directa e sistemática a principal técnica do proceso avaliador.

Non só debe ser obxecto de avaliación o desenvolvemento das capacidades, senón todo o proceso de ensino-aprendizaxe, considerando, polo tanto, aspectos como as interaccións entre as persoas implicadas no proceso educativo, as condicións organizativas e recursos dispoñibles e a adecuación da programación. Así, pois, todos estes aspectos teranse en conta na avaliación.

Nesta etapa a avaliación estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Cobra especial importancia a avaliación inicial, xa que desde un punto de vista pedagóxico, o coñecemento previo do educando constitúe o punto de arranque de toda actividade educativa.

Debemos lembrar que esta programación diríxese a crianzas de 3 meses a 3 anos, que, polo tanto, con toda seguridade sexa a primeira vez que se escolarizan nun centro. É preciso realizarlles, pois, unha avaliación inicial na que se terán en conta os datos que se recollerán nunha entrevista individual ca familia, así como a través da observación directa do neno ou nena durante as primeiras semanas da súa escolaridade, é dicir, durante o período de adaptación.

Así mesmo, iráselle proporcionando ós pais e nais a diario información sobre os progresos e dificultades no proceso educativo. Ademais, ao final de curso elaborárase un informe individualizado de cada alumno ou alumna.

5. ACTIVIDADES

A **programación** de aula constitúe o terceiro nivel de concreción curricular e nela especificanse as prioridades, principios e criterios recollidos no proxecto educativo, así como os criterios para a selección, secuenciación e organización dos contidos e orientacións metodolóxicas expresadas na concreción curricular (2º nivel de concreción curricular).

Pódese definir a programación como o conxunto de accións mediante as cales se transforman as intencións educativas máis xerais en propostas didácticas máis concretas.

A necesidade de programar é evidente, xa que facilita a organización da clase, evita a improvisación e a monotonía, permite un control continuo introducindo as melloras oportunas, ten en conta a realidade do alumnado e do medio e consegue unha ensinanza máis estruturada, organizada, coherente e, polo tanto de maior calidade.

Será nesta programación **recollida noutro documento** (programación xeral anual) onde se atopen desañadas todas as actividades plantexadas para cada curso escolar, atendendo a mesma aos obxectivos e metodoloxía exposta con anterioridade.

Cada mes traballarase un centro de interese concreto, tendo en conta os intereses e motivacións dos propios alumnos. Todo centro de interese partirá dun conto, sendo o mesmo o punto de partida para adentrarnos nos contidos correspondentes e xirando todas as actividades plantexadas en base el.

Ademais, paralelamente poderanse levar a cabo outro tipo de actividades tales como:

- Actividades deseñadas para traballar nos festexos populares: samaín, nadal, entroido...
- Actividades deseñadas para traballar as conmemoracións: día internacional contra a violencia de xénero, día escolar da non violencia e a paz, día internacional da muller traballadora, día do medio ambiente...
- Talleres: taller de cociña, taller de experimentación, taller de reciclaxe...

En canto ao grupo de idade comprendido entre os 3 meses e os 12 meses as actividades pensadas rodarán a partir do cesto dos tesouros/ xogo heurístico (onde os materiais se cambiarán mensualmente) e das instalacións quincenais.